



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE SETEMBRO DE 2014

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONES

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catro de setembro dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE XULLO DE 2014.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE AGOSTO DE 2014.

3º.- DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DA ESTRADA PARA O ANO 2015.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á QUE A LISTA MÁIS VOTADA NAS ELECCIÓNS LOCAIS EXERZA A ALCALDÍA.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE AGOSTO DE 2014.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE XULLO DE 2014.

Sr. Alcalde: Benvidos a todos. Benvidos a sesión do Pleno do mes de setembro. A Orde do Día correspondente a esta sesión plenaria, o

primeiro punto é a aprobación, se procede da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 3 de xullo de 2014, non sei se hai algunha alegación a esta acta, ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, Concelleira do PsdeG-PSOE: Solicitamos que se revise o sentido do voto e as aprobacións dos Acordos na acta do 3 de xullo, posto que non todos os puntos, tal como se recollen nesta acta, non foron aprobados por unanimidade, polo tanto pedimos que se corrixa e que se rectifique esta acta.

Sr. Alcalde: Moi ben, tomo nota para a corrección das votacións nesta sesión plenaria.

Advertido erros nos cálculos das votacións para a adopción dos acordos tratados nos puntos 2º, 3º e 4º da súa Orde do día, deben corrixirse do seguinte xeito:

a) No punto 2º "Cambio de finalidade de dous préstamos":

Onde di: *"Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, adopta, por unanimidade, o seguinte ACORDO".*

Debe dicir: *"Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e os votos en contra do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte ACORDO".*

b) No punto 3º "Expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 1/R/2014 (modificación orzamentaria nº 25/2014)":

Onde di: *"Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, adopta, por unanimidade, o seguinte ACORDO".*

Debe dicir: *"Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e os votos en contra do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte ACORDO".*

c) No punto 4º "Expediente nº 1/2014 de recoñecemento extraxudicial de créditos":

Onde di: *"Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, adopta, por unanimidade, o seguinte ACORDO".*

Debe dicir: *"Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e as abstencións do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte ACORDO".*

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 3 de xullo de 2014, previa corrección dos erros sinalados en parágrafos anteriores.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE AGOSTO DE 2014.

Sr. Alcalde: O punto dous é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 7 de agosto de 2014. Algunha cuestión?. Entón apróbase por maioría tamén.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 7 de agosto de 2014.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.- DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DA ESTRADA PARA O ANO 2015.

Sr. Alcalde: O punto número tres: determinación dos festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2015. Como saben despois de levar esta cuestión á Mesa Local de Comercio, Consello Económico e Social e... valorouse ou ditaminouse aínda que non é unha comisión vinculante, pero si nos trasladaron os colectivos sociais que as mellores datas para fixar os festivos locais para o ano 2015 sexan o 24 de xuño de 2015 (San Xoán) e o 26 de xuño de 2015 (festas patronais de San Paio, día do patrón), así que esta é a proposta que sometemos ao Pleno. Non sei se hai algunha intervención en relación a este tema. Pois, se non hai ningunha intervención procedemos á súa votación. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Visto o escrito con entrada neste Concello o 22 de xuño de 2014 (R.E. 7065), do Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, instando a este Concello para que determine as datas dos festivos de carácter local para o ano 2015, co gallo de remitirille a decisión adoptada antes do día 30 de setembro de 2014..

Visto o pronunciamento da Mesa de Comercio Local do día 20-08-2014.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social, na súa sesión do 25-08-2014.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 26-08-2014, en relación co asunto de referencia.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 29-08-2014.

Vista a competencia do Pleno da Corporación para propoer á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo o artigo 46 do RD 2001/1983.

ACORDAMOS:

1º.- Determinar como festas locais do Concello da Estrada para o ano 2015, os días:

- 24 de xuño de 2015, día de San Xoán e inicio das festa patronais San Paio.
- 26 de xuño de 2015, festas patronais de San Paio.

2º.- Dese traslado do Acordo adoptado polo Pleno da Corporación á Xefatura Territorial do Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8, 2º – 36201 Vigo.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á QUE A LISTA MÁIS VOTADA NAS ELECCIÓNS LOCAIS EXERZA A ALCALDÍA.

Sr. Alcalde: O punto número cuarto é moción do grupo municipal do Partido Popular relativa á que a lista máis votada nas Eleccións Locais exerza a Alcaldía. Para ler o ditame e a resolución da Comisión Informativa ten a palabra o Concelleiro de Facenda e Organización D. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, Concelleiro do PP: Boas noites, de acordo á votación celebrada o outro día na Comisión de Organización, tráese para o seu debate e aprobación, se procede, o Ditame relativo á modificación ... a solicitude de modificación da Lei Electoral, que día na súa proposta de acordo: *Manifestar a vontade desta Corporación Municipal de que se adopten a medidas legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns, de tal xeito que a lista máis votada nas Eleccións Locais exerza a Alcaldía.*

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas gracias Sr. Blanco. Algunha intervención?, ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Boas noites a todas e todos. Tal como adiantamos na Comisión, o noso sentido do voto, en vista de que non se nos explica cal é a proposta, cal é a natureza desa proposta e cal é as modificacións que se van a facer que sexa máis lexítimo o sistema, considerando que o sistema actual é un sistema que representa e da voz a todos os partidos e ás minorías, e que é un sistema que corrixe as deficiencias a través da introdución da Lei D'hondt, considerando tamén ademais que non existe unha demanda social real, sinón que o que queda claro, e así se deixa ver na propia Moción que presenta o Partido Popular, é o medo dos Alcaldes do Partido Popular a perder as alcaldía nas que se atopan neste momento e, dende logo, vamos a manter o sentido do noso voto, é un voto de reixeiemento a esta modificación mentras non se nos diga cales son os puntos que se queren modificar e cales van a ser as ventaxas para o Partido Popular e para os veciños e as veciñas, posto que eso é un punto que se está facendo dende o ocultamento, tal e como xa nos ten acostumados o Partido Popular nesta lexislatura, non é a única Lei que introduce e modifica sen dar transparencia á mesma, e por iso, por isa mesma razón, nós non vamos a participar, non vamos a apoiar esta petición e esta modificación. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas gracias Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, Concelleiro do BNG: Como tamén dixemos na Comisión, vamos a votar en contra desta proposta que trae o Partido Popular, unha proposta completamente antidemocrática de levarse a cabo, non a proposta loxicamente, porque a proposta é democrática porque estamos nunha democracia, pero si de levarse a cabo vámonos a atopar cunha concentración de poder nun órgano unipersonal como é o caso do alcalde ou alcaldesa, no caso de goberno das mulleres, e onde gobernen os homes o Alcalde. Hai mecanismos para garantir e aí é onde ter que ir a reforma electoral para que se garante a proporcionalidade entre o que decide o cidadán e o que reflexan, neste caso, os plenos dos Concellos. Temos que lembrar que neste momento no estado español o que funciona e a Lei D'hondt que xa prima de maneira escandalosa, bueno, non sería unha palabra apropiada, pero si prima de maneira moi por enriba o que sería a vontade da maioría dos cidadáns, primando os partidos que teñen máis votos nas eleccións que non os partidos que gañan con

maioría absoluta. Que un partido saque... sexa o máis votado non implica que sexa o que queren os cidadáns que governe. Temos que lembrar que por 166 votos goberna o Partido Popular, pero por 166 votos menos que a suma dos votos que ten a oposición, eso quere dicir que a maioría dos cidadáns da Estrada non querían que gobernara o Partido Popular. Xa hai un sistema que prima que gobernen os partidos máis votados, non os que teñen máis votos. Tamén hai que resaltar que, como din todos os informes internacionais e diversos organismos especializados, a concentración de poder é onde leva a que se manifesten as grandes manifestacións de corrupción, a maneira de solucionalo é darlle participación a cidadanía, que realmente é o que demandan, os cidadáns o que demandan é participar máis en democracia, poder escoller aquilo que lle afecta directamente, referéndums para cuestións como poden ser os orzamentos participativos, o mesmo que a transparencia na xestión.

O que nos trae aquí o Partido Popular vai no camiño de todo o contrario, o único que é garante é que eles queren gobernar, no caso da Estrada supoño que terán medo a perder as vindeiras eleccións, por esta presa en presentar esta Moción, e a min o que me lembra a Moción que presenta, o que quere facer o Partido Popular, polo que sae na prensa estes días, era unha vez dous nenos que estaban inventando un xogo, e un deles era o que estaba poñendo as normas, ti escoitabas aquel rapaz e, efectivamente, as normas que estaba poñendo tiñan toda a lóxica do mundo pero estaban feitas para que el gañara sempre, e aquí é o que nos quere presentar o Partido Popular, unha norma que garanta que el vai a gañar sempre, que garanta a maioría absoluta, se perde as eleccións non importa, nós temos que garantir que vamos a gobernar por enriba do que decidan os cidadáns. Supoño que tamén será unha medida para evitar o chantaxe que se lles fai a moitos Alcaldes por parte dos seus propios Concelleiros, entón así como o goberno é unipersonal na persoa que obste a Alcaldía xa evita os problemas que poidan crear os seus propios grupos internos. Elimina a democracia, porque elimina a participación nos Plenos do resto dos grupos políticos, o que non sabemos é como vai a levar a cabo a aprobación de presupostos... bueno, si sabemos como vai a levar a cabo a aprobación do presuposto, para eso xa se encargou o Partido Popular de aprobar outra normativa que vai en detrimento da democracia nos Plenos.

Como xa dixen, vamos a votar en contra desta medida que non profundiza na democracia sinón que todo o contrario.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas gracias aos dous voceiros, tanto do Partido Socialista como do BNG. Creo que as posicións están claras en relación a este asunto a nivel noso, a nivel local, sinón tamén a nivel nacional, eu creo que nos estamos confundindo de principio, non creo que o que se propón aquí é que se abra un debate, nunca entendín, nunca, nin entendo, nin crea que nadie lle debería resultar estrano propoñer desta calquer órgano político un debate, abrir un debate sobre unha cuestión que todos, creo que sobre todo o Partido Socialista e o Partido Popular en moitas ocasións levaron no seu programa electoral e que o PP levou tamén no programa electoral do ano 2011, polo tanto non é unha Moción pechada que faga unha proposta dun modelo determinado, sinón que é unha Moción completamente aberta na que plantexamos a necesidade, dentro doutras moitas reformas, aquí se ciñe ao tema da elección directa de Alcaldes, pero estamos falando tamén de regular a situación de cargos públicos en relación ao proceso xudicial ou regular tamén o número de aforados, abreu o Partido Popular un debate moito máis amplo en relación á reforma, que creo que é precisa e necesaria e que os veciños e a sociedade en xeral nos pide, de reformular un pouco a situación actual e dar máis transparencia á xestión pública non?, creo que en ese caso se abre un debate xenérico sin ningún

tipo de corta-pizzas, ninguén se negou a negociar nada excepto os partidos da oposición a nivel estatal, foron os primeiros en dicir que nin se sentaban a faltar deste tema non?, cuestión non pouco curiosa, porque é certo que nadie pon ningún tipo de premisas de partida e polo tanto é unha cuestión aberta suxeita a un debate e despois, evidentemente, como en moitas ocasións, incluso aberta ao diálogo e incluso á negociación tamén, non?; por eso sorprende esta cerrazón dos partidos da oposición en abrir un novo debate, como se abriron moitos outros durante moita... sobre todo durante esta crisis, que se reformularon practicamente moitas das cuestións das que era axioma xeral da política e que agora, evidentemente, se reformulan, e, neste caso, a Lei Electoral en máis de catro o cinco ocasións foi proposta polo Partido Socialista, tamén foi proposta polo Partido Popular, seguramente en aquele momento non se daban as circunstancias e agora, posiblemente, se den as circunstancias de reflexionar sobre o modelo que temos, ver a evolución das administracións e das institucións, e ver tamén un pouco o papel e a representatividade de cada un delas, non?.

Creo, nese caso, eu discrepo radicalmente, Sr. Magariños, cando di vostede que é acumular o poder nun órgano unipersonal, non, non, están vostedes equivocados, vostedes queren cambiar o tiro da cuestión. Aquí non se está falando en absoluto das competencias do Alcalde, nin se está falando en absoluta das competencias do Pleno, nin da Xunta de Goberno Local, que son os tres órganos resolutivos dunha Administración Local; non, non, aquí non se está falando de cambiar que o Alcalde teña competencia absoluta en relación a calquer tema ou calquera cuestión, como fala vostede en relación a Orzamentos ou tramitacións que están perfectamente prefixadas as competencias en cada órgano, non se está falando de eso, vostedes desvían o tiro hacia esa dirección. Aquí non se está falando de que o Alcalde teña máis poder ou menos poder, non se fala de que teña máis competencias ou menos competencias, se fala de reforzar as maiorías sociais; e cando di vostede que... bueno... a interpretación é moi libre... cando falta vostede: "Os veciños da Estrada querían que gobernase o PP e o BNG máis o PSOE", eso é o que querían os veciños da Estrada; cando di vostede: "que como habían cen personas que votaron de máis, é certo que os veciños querían que gobernase o PP máis o PSOE", cando o PP e o PSOE perderon... pasaron de ter nove máis tres a nove máis un, e, evidentemente, as matemáticas son as que son. Efectivamente, vostedes xogan a eso, xogan a que o PP non saque maioría absoluta, esa é a súa estratexia electoral, sempre a foi e a seguirá sendo non?, intentar desgastar para que non exista unha maioría absoluta e haia unha maioría de despachos nos despachos posterior ás eleccións, porque senón vostedes, tan corteses que son, se debían presentarse nunha coalición contra o Partido Popular, que é o que fan posteriormente ás eleccións, non o fan de forma aberta, fano de forma tapada posteriormente ás eleccións, se presentan vostedes nun despacho, fan as súas negociacións e fan o seu reparto da tarta e intentan vestir eso como algo normal, cando a maioría dos veciños vota, e non as municipais máis (e sábeno vostedes) que a unhas siglas a un candidato non?, e eso é evidentemente o que se intenta trasladar neste tema, cando se está tan instaurado que nunhas eleccións se vota a un candidato máis que ás siglas políticas que representa, é o que pretende esta Lei, e dicir: "oye, o Alcalde máis votado é o Alcalde que debe ostentar a responsabilidade do goberno dese Concello", e eu creo que aí nadie ten ningún tipo de dúbida, a partir de aí, como se establece o xogo das maiorías?, como se establece a equidistribución, o traslado dese voto á representación plenaria?, ese é un tema que está aberto ao debate, e a nós nos da igual falar dese 40% que se falou inicialmente, falar dunha segunda volta, faltar de distintos sistemas que se dan nos países máis avanzados e máis democráticos de Europa e do mundo, e empezar a

plantearse que ese sistema pode ser bo e pódese extrapolar ao noso país non?. Eu creo que é razoable ese debate, eu creo que se dan as condicións de que se poida producir, e que se produza o debate non quere dicir que se chega a un final, posiblemente, ao mellor, hai unha posibilidade de que ese debate se enquiste e non poida saír adiante, hai unha posibilidade que se cheguen a acordos e todos os partidos políticos se sintan representados. Agora, claro, cando o axioma fundamental de determinados partidos é intentar desgastar ao PP para que saque... para que non chega á maioría absoluta e se queda a un concelleiro da maioría absoluta, poder pactar, pase o que pase e pese a quen lle pese, cando o axioma ese... entón claro que se desmonta todo o resto non?. Vostedes, o problema é que parten dese principio, que o seu obxectivo principal é, primeiro que o PP non saque maioría absoluta e, a partir de aí, pactamos despachos e repartirse o pastel.

Entón claro, nese escenario e con esa mentalidade, é imposible encaixar unha reforma electoral. Eu entendo que a vostedes lles coste entendelo, pero limpien a mente, ábranse, pensen e refrésquense un pouco que é a sociedade de hoxe en día, valoren a representatividade, e os veciños tamén poderán xogar as súas cartas con esta nova... escenario electoral, os veciños tamén coñecerán cal é o novo escenario, a quen se pode favorecer e prexudicar, e podrán beneficiar, fastidiar ou prexudicar ou favorecer determinados proxectos, determinadas persoas, determinados candidatos ou determinados partidos, porque a xente... Eu négome a pensar que a xente non teña capacidade para poder discernir o que é bo e o que é malo non?, entón, nun novo escenario a xente terá un novo criterio e poderá valorar de forma distinta o que se lle plantexa e si, ao mellor, o escenario, que creo que é un escenario fantástico, fóra unha segunda volta, estaríamos obrigando aos partidos que chegan a un acordo nos despachos baixo chave o poidan facer coas portas abertas, coas ventanas abertas, explicando a todo o mundo o que pretenden facer cando gobernen nun bipartito, nun tripartito ou nun cuatripartito, e que se presenten desa maneira contra outro candidato que di que vai a gobernar solo e que vai a intentar xestionar con rigurosidade ou coas súas políticas expostas no programa electoral. A min me parece o máis natural e ao que non lle valga ese escenario pois será que algo ten que esconder e que prefire ir ás agachadas cun programa oculto aos electores e despois, cando gañen as eleccións, chegar a acordos debaixo da mesa e intentar impoñer esa realidade aos veciños que nas urnas falan dunha forma diferente, bueno pois é outro plantexamento. O PP, neste caso, plantexa e pon encima da mesa un debate aberto e sin ningún tipo de condición e eu creo que o mínimo que temos que facer é, ademais no órgano que lle corresponde que é o Parlamento e Congreso dos Diputados, é debatir esta cuestión e intentar aproximar posturas, chegar a acordos, mellorar a Lei, que creo que a todos... entendemos que a Lei é perfectamente ou claramente mellorable, mellorar a Lei, e intentar que esa Lei sexa en beneficio dos veciños e dar representatividade e non, evidentemente, en beneficio de ningún partido político nin ningunha persoa non?.

Polo tanto, creo que ese é obxectivo desta cuestión, nós o deixamos perfectamente aberto e nós queremos que se abra ese debate. A min o resultado dáme exactamente igual, xa lle digo, me da igual que sexa o resultado que adopte o Parlamento español ou as Cortes, me da igual, eu quero que se abra un debate e que se reformule e que se repense e que se valore que sistema é, nestes momentos, o máis adecuado para conseguir que os veciños se sintan máis representados nas súas eleccións, nas súas votacións e, a partir de aí, calquer final pode ser posible, e creo que nese caso pois... é a esencia da política, e nós queremos reflexionar sobre calquer cuestión, esa me parece unha cuestión interesante e nós, evidentemente, vamos a apoiar esta Moción.

Non sei se hai algunha cuestión. Ten a palabra a Sra. Louzado.

Sra. Louzao Vieites: Ben, a cuestión, dende logo, que pinta que vostede é moi distinta á que pinta a Moción. A Moción que presentan fala de "medidas legais oportunas", non detalla o que queren que se debata, nin vostedes saben sequera de que hai que tratar e debater, e así mesmo nos o deixaban ver na Comisión cando poñían enriba da Mesa unha soa proposta. Dende logo non se pode debater cando non se saben cales son os puntos que se queren debater, se non hai un punto de partida, e eso nestes momentos non o hai. Decía vostede "as exposicións están claras tanto a nivel local como a nivel nacional", evidentemente as exposicións están claras, queremos saber e queremos debater e dialogar e estamos dispostos a facelo. Tamén dicía vostede "foi en distintas ocasións proposto en épocas anteriores e non se deron as condicións propicias", pois, dende logo, se vostedes cren que se dan nesta ocasión, as únicas condicións que se dan agora mesmo é que o Partido Popular pode impoñer esta modificación ao seu antollo tal como fixo con outras reformas laborais; e non se dan as condicións adecuado cando o que se intenta facer é presionar en vísperas dunhas eleccións locais e autonómicas; non se dan as condicións adecuadas cando, dende logo, se di que se pide consenso e diálogo e, como dicía, nin se ofrecen puntos sobre os que falar nin propostos e, dende logo, o que se intenta facer é una reforma pola vía de urxencia para favorecer os intereses partidistas. Dende logo, claro que cinco máis dous son máis que seis, e iso é lexítimo. Dende Logo que os acordos adoptados para chegar a acordos de goberno son lexítimos e democráticos. Neste Concello ven gobernando a democracia dende fai varios anos, e todos os gobernos que se conformaron daquela son gobernos democráticos e lexítimos, todos, saíron todos da vontade popular; bueno, creo que o único goberno do que se beneficiou, neste caso, o Partido Popular e non saíu da vontade das urnas, foi un goberno que pactou o Partido Popular en despachos, e ese é o xeito de facer política que ata agora veu habendo, e para facer reformas, e xa se teñen feito outras, se puxeron enriba da mesa todas as opcións, se dialogou, se fixeron propostas e se chegou a consenso e a acordos, pero, como dicía, non se chega a esos consensos e esos acordos presionando en vísperas dunhas eleccións autonómicas e dunhas eleccións municipais.

Claro que nos sentaríamos a dialogar, como se ten feito noutras veces, pero o que non se pode facer é xogar coas cartas marcadas como ven facendo o Partido Popular nesta pretendida reforma en vísperas dunha campaña electoral, en vísperas dunhas eleccións e o que pretende facer é unha imposición, non un diálogo nin chegar a consenso, senón impoñer unhas reformas que o benefician. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas grazas Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Se non me parece equivocarme no que escoitei, vostede ben a dicir que a partir de agora ningún partido político, ningún Alcalde ou Alcaldesa, vai a poder facer aquilo que non vai implícito no seu programa electoral, entón supoño que a partir de agora os Alcaldes ou Alcaldesas non podrán subir os impostos sen dicírllo aos veciños, non podrán facer campos de fútbol que non vaian nos seus programas, non podrán ceder competencias ás Diputacións provinciais, por exemplo; si terán que facer... eu que sei... piscinas cubertas, non sei que máis cousas había por aí, subida de salarios a algúns funcionarios municipais (non a todos)..., creo que eran cen medidas que non se levaron a cabo, supoño que a partir de agora non se podrán facer. Pero bueno, si quere realmente profundizar na democracia coa reforma electoral que pretende, eu invito a que apoie a Moción que presenteí onte por

registro, onde van dous puntos, un deles sería lóxicamente mostrar a rotunda oposición a esta proposta de reforma electoral para que ostente a Alcaldía a lista máis votada, estamos falando da lista máis votada, nin siquera a proposta vai en elección directa do Alcalde, senón... aquí non estamos falando, como vostede dicía de que nas eleccións municipais se vote á persoa, se se vota á persoa sería una elección directa, estamos falando da lista máis votada, estamos falando de siglas políticas o cal é lóxico, alguén cando se presenta a unhas eleccións ten que ir cunha ideoloxía, non dicir que é un ente puro e abstracto que está por encima da política e que está simplemente para solucionar os problemas os veciños, non, eso non é verdade e todos o sabemos, hai unha ideoloxía detrás e todos a temos. O outro punto é dirixirnos ao Goberno do estado, que ao final é quen ten competencias para modificar esta Lei, para que, entre outras cousas, se queremos profundizar na democracia, se defina nas eleccións, exceptuando basicamente as municipais, que a circunscrición electoral sexa o territorio galego en conxunta e non as provincias, ou que se elimine o lineal mínimo para obter unha representación, dende logo non pode estar como está actualmente no 5%, ou que se regule a capacidade de convocar referéndums por parte de todas as administracións en aquelas cousas que lle son da súa inconveniencia, ou que se regulen aqueles asuntos que ten que decidir a cidadanía directamente non?, por exemplo, xa que escollemos o Alcalde e aquí poñemos de exemplo outras sociedades do mundo avanzadas, o curioso e que aquí sempre collemos o que nos convén, tamén, por exemplo, se podía escoller a Xefatura do Goberno non?, que aquí, que ou sepa, eu non puiden votar a quen é o meu xefe do goberno, mo impuxeron, a min e creo que á maioría dos que estamos aquí, exceptuando os que pintan canas, o resto... Entón, si queremos profundizar na democracia, vaíamos por aí... vaíamos efectivamente é o que se está facendo noutras democracias máis avanzadas que, xa digo, por exemplo que os cidadáns poidan opinar directamente sobre os asuntos que lle son da súa inconveniencia está moi avanzado, pero aquí, como xa digo, como poño de exemplo o xogo dos rapaces, queremos facer as normas sempre e cando nos beneficien a nós única e exclusivamente, neste caso a vós, ao Partido Popular.

Sr. Alcalde: Moi ben. Non entendo... eu non entendo eso de beneficiar ou prexudicar, ao final vostedes tratan aos votantes e veciños como si foran mercancía, ao final parece que vostedes non lle dan a capacidade aos votantes..., acababa con esta reflexión a intervención e empezo con esta, non lle dan a capacidade de poder discernir nun escenario diferente o que é o que máis lle interesa ou o que menos lle interesa. Parece que vostedes xa dan por feito que a sociedade vai a asumir o que lle digan un ou outro partido, eu creo que están totalmente confundidos, eu creo que hai tempo suficiente para establecer un novo escenario e a xente, que é moi intelixente, os votantes non son, dende logo, manipulables á hora de decidir o seu voto, sabrán o que teñen que facer en función das regras de xogo que se lle poñan, e, en función dos criterios que se establezcan para buscar solucionar problemas que ao mellor ven arrastrando esta Lei Electoral. Non o di o PP... e non o di o PP, o leva dicindo o Partido Socialista desde épocas de Felipe González, que hai que reformar a Lei Electoral, non di o Partido Popular, é un debate que leva encima da mesa moitos anos e que por diferentes motivos non saleo adiante, pero se debatíu Sr. Magariños, se debatíu, e está claro que no Congreso dos Diputados houbo seu debate en relación a esta cuestión e non chegou a ben a situación adecuada para levala a cabo non?. Pero que me diga vostede esta... que diga o Partido Socialista esta cuestión de ocultación, pero vamos a ver, eu se quere léolle o programa do Partido Popular, iba alto e claro "reforma da Lei Electoral", se vostedes non cren que eso non é falarlle alto e claro aos veciños que evidentemente consideran

necesario plantexarse unha reforma dunha Lei aprobada fai trinta anos e que debe avanzar na mesma medida que avanzaron os tempos, se vostedes non cren que eso é explicarlle aos veciños dentro do seu programa que so é unha cuestión que o Partido Popular está disposto a afrontar, entón temos un problema de interlocución, está claro, eu entendo que xa é unha cuestión prioritaria.

Segunda cuestión, por moito que nos plantexemos nós aquí, nós non somos o órgano que ten que resolver esta cuestión. A min me parece estupendo. Sr. Magariños, eu coincido con vostede, fíxese, doulle o meu apoio, pero é que vostede un incosecuente, un incongruente nas súas propias palabras, está dicindo que non lle gusta a Lei Electoral pero se está negando a votar a que se abra un proceso de reforma da Lei Electoral, eso é o que ven a dicir vostede coa súa intervención. É certo que hai que desfacer ou que hai que eliminar o tema da representatividade, do 5% da Lei D'hont, saca aquí unha retahíla de cuestións, pero entón nos estando dando a razón a nós Sr. Magariños!, ábrase un proceso!, ábrase un proceso de debate!, e onde hai que abrillo?, no Congreso dos Diputados, non no Pleno do Concello da Estrada. E vostedes teñen representación parlamentaria en Madrid e o Partido Socialista tamén, e alí é onde os Diputados, porque para eso están alí e para eso cobran, terán que debatir nas correspondentes Comisións as modificacións lexislativas oportunas e chegar ou intentar chegar a acordos para sacar ou para sancionar (que a sancionará o Xefe de Estado) as Leis que realmente sexan máis representativas e mellores para os cidadáns. Pero é alí, e vostede me está dando a razón a min, abramos ese debate, non lle poñamos límites, eu acéptollo, non poñamos límites, tomemos un acordo e vote vostede a favor de que se reforma a Lei Electoral.

(intervencións que non se aprecian no audio)

Sr. Alcalde: Non, non, que se reforme a Lei Electoral!, si vostede está dacordo connigo ou co Partido Popular de que non lle vale, e para o Partido Popular entende que tampouco lle vale, pois venga!, pero si estamos falando do mesmo!. Agora, que vamos a acordar aquí vostede máis eu, o voceiro do Partido Socialista, en que cuestións hai que modificar a Lei?, non é competencia nosa e de nada vai a valer, pero expresar a nosa oposición que se debata no órgano correspondente nas Cortes Xerais e que se saque un texto que realmente intente representar á maioría representativa que existe no Parlamento eu creo que é unha boa cuestión, non hai ningún problema. O que pasa é que vostedes se negan, directamente se negan. Hoxe, nas declaracións da prensa, o Partido Socialista e os partidos minoritarios non se van a xa nin a negociar, bueno, pois esa é a súa postura, opoñerse a todo sin saber aínda cal vai a ser o final de todo este proceso e hasta donde se pode chegar a negociar. Eu creo que hai marxe para a negociación, por eso entende que... bueno... é unha cuestión importante.

En relación ao que dicía a voceira do Partido Socialista: "unha reforma pola vía de urxencia", creo que nadie se esté dando prisa nesta cuestión, o Partido Popular marcou o me de setembro para iniciar o debate e se trasladou ao resto dos partidos políticos a súa vontade... a súa intención de negociar, e a resposta xa sabemos cal é, claro, si nos cerramos en banda e nadie quere negociar, pois será que interpreta que non é necesario e o Partido Popular o leva no seu programa electoral.

Cando fala vostede do programa electoral, eu non dixen que un dirixente non teña que tomar decisión que non vaian no seu programa electoral, se eu houbera sabido que cando collemos este goberno había un millón seiscentos mil euros de deuda e de facturas sin pagar, pois ao mellor seguramente ese sería o primeiro punto, pagar os pufos que deixaron o goberno anterior, pero como non o sabiamos, porque foi unha cuestión que saltou a posteriori, pois evidentemente

a nosa xestión tiña que ir encamiñada a resolver esas cuestións, pero, non sin eso, nos permitiu sanear as contas, facer un pago de un millón oitocentos mil euros de facturas que estaban sin pagar e asumir o coste dese pago cunha xestión eficaz e eficiente, facer o proxecto da Plaza de Abastos, facer a Casa das Letras, facer a ampliación do Pérez Viondi, aprobar o Plan General de Ordenación municipal que levaba trinta anos sin ser aprobado e prometido por sucesivas corporacións, facer a carretera Liñares-Balboa, facer o vial Portela-Souto de Veá, facer infraestruturas que eu creo que son necesarias e xestión para avanzar, como poden ser rematar as aceras de Fernando Conde, proxectos que ademais... minto vostede cando di que o campo de fútbol non iba no programa electoral, non leeu vostee o programa electoral Sr. Magariños, si a nosa cruzada foi ir en contra do proxecto que tiñan vostedes, iban a tirar quinientos mil euros na Baiuca, íbanos a tirar nunha contención dunha grada que estaba caíndo e nunha reforma innecesaria, e no noso programa electoral dice "plantexar un proxecto máis ambicioso para o novo campo da Baiuca", ese é o noso compromiso no programa electoral e o conseguimos e o fixemos. Hoxe, gracias a eso, estamos falando si todo vai ben no 2015 nos orzamentos da Xunta de Galicia, a Baiuca albergará o primeiro edificio público moito anos neste Concello que será a construción da nova gardería que levan reclamando moitos anos moitos pais, e esa é a xestión, esa é a xestión. Dentro do programa tampouco iba unha nova gardería no noso programa electoral e a imos a facer. Esa é a xestión dun goberno durante catro anos que ten que adaptarse, dende logo, a calquer tipo de incidentes que poida acontecer.

Ademais lle digo que esta reforma, independentemente como se plantexe, tampouco cambiaría o escenario electoral dos últimos 20 ou 25 anos deste Concello, se aquí sempre gobernou a lista máis votada e, ademais, o vimos con maiorías absolutas, sin maiorías absolutas, o vimos de distintas formas e sempre gobernou a lista máis votada; o sea que, nese caso, esta Lei, faga como se faga, non alteraría o resultado que os veciños decidiron para o Concello da Estrada nos últimos anos non?. Como dicía a Sra. Louzao, ese mesmo partido que, en teoría, de forma ilexítima lle deu a maioría absoluta ao Partido Popular no ano 1992, lle dou de forma ilexítima a maioría absoluta ao Partido Socialista no ano 1991, da mesma maneira, o mesmo partido, as mesmas personas; claro, cando é para o Partido Socialista válelle, esos tres valían daquela para sumar aos seus e facer maioría, claro, pero cando é para outro lado non lle vale, xa a cousa cambia e hai que darlle a volta, heche a mesma xente e as mesmas personas lle deron a maioría a unhas personas e a un Alcalde socialista e lla quitaron ao cabo dun ano para darlla ao Partido Popular ou para nombrar Alcalde a esa persoa que iba nesa lista. Esa é a realidade e eu creo, dende logo, a nosa idea non é presionar, nin é urxencia, nin é escurrir os dabates, a nosa proposta é abrir o debate de forma xenérica, de forma ampla e que sexan os nosos representantes da maioría o da vontade popular que saleu dunhas eleccións democráticas os que están no Parlamento, no Congreso dos Diputados, os que facendo o seu traballo melloren de forma adecuada esa Lei que eu creo que é tan necesaria e que busca única e exclusivamente buscar representatividade e buscar, dende logo, ou dar solucións a problemas que se levan producindo nos últimos anos e determinadas eivas que hai que corrixir, esa é a cuestión e, ao mellor, calquera nos sorprende e o Partido Popular entra no debate do teito do mínimo necesario para os votos ou da circunscrición ou doutras cuestións que están encima da mesa. Pero claro, se vostedes se van a negar e van a deixar os seus escanos vacíos o día que se negocie esta cuestión, evidentemente será que non teñen intención, nin teñen interés, nin teñen vontade, nin teñen gañas de facelo, polo tanto, pois un ten que asumir a súa responsabilidade de xestión e para eso ten a maioría absoluta no Parlamento para tomar as

decisións. Eu creo que perden unha oportunidade histórica de sentarse, de negociar e de non pechase en banda antes de iniciar o correspondente debate e a correspondente posta das propostas de cada grupo político, e a partir de aí esa é a esencia da política non?, creo que non se debe perturbar, pero alá cada un ca súa responsabilidade, e nós o que pretendemos é que ese debate se abra e que se chegue aos maiores consensos posibles.

Non sei se hai algunha outra cuestión?. Entón procedemos a votar esta Moción. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por maioría

Finalmente, adóptase, polos votos a favor do PP (11) e votos en contra do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, relativa a que a lista máis votada nas Eleccións Locais exerza a Alcaldía.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 29-08-2014.

ACORDAMOS:

Manifestar a vontade desta Corporación Municipal de que se adopten a medidas legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns, de tal xeito que a lista máis votada nas Eleccións Locais exerza a Alcaldía.

Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de Xestión e Control, non sei se hai algunha outra cuestión que queiran presentar?. Entón pasamos á parte de Control e Xestión.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE AGOSTO DE 2014.

Sr. Alcalde: O punto número 5 é dación de contas das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 29 de agosto de 2014.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 29 de agosto de 2014.

A Corporación queda sabedora.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: O punto número 6 é Rogos e Preguntas. Algún rogo?, algunha pregunta?. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Ben, neste apartado trouxemos o Pleno pasado unha serie de rogos dos que nos dixo que se nos daría contestación por escrito, e seguimos agardando tal contestación. Ao mesmo tempo facíamos outro rogo que era con respecto ao abastecemento municipal na parroquia de Toedo, onde os veciños

estaban a denunciar problemas, rogamos novamente que se vaian a solucionar eses problemas, e engadimos tamén na mesma parroquia, na línea de saneamento que baixa do Polígono, antes do cruce coa carretera da Deputación que sube ao Alto da Cruz, onde hai continuos desbordamentos do mesmo, non sabemos se está roto ou non, pero que pasen a revisar esta línea.

Agora nos gustaría facer unha serie de preguntas en relación, neste caso, aos efectivos, aos servizos cos que contamos no Concello da Estrada. A principios de lexislatura podíamos ver, desgraciadamente, como os vehículos de Protección Civil tiñan un accidente e eran algúns vehículos que quedaran fóra de servizo. Tempo despois, un ano despois máis o menos, vimos como nos dicían titulares como se recuperaba o servizo do camión nodriza. Gustaríanos saber se ese camión segue en solitario como camión nodriza de servizo e se é o camión co que contamos na actualidade, un máis... non sabemos si aquel que se repuxo é o mesmo, hai máis?.

Sr. Alcalde: Non, o que se dixo naquel momento foi que, creo recordar que no verán do ano 2012, baixando dun incendio creo que en Forcarei, na zona de Meavía, pois un camión... digamos a cisterna e o camión de incendios tiveron un desgraciado accidente e houbo que facer unha reparación, contamos coa axuda da Consellería de Medio Rural que naquel momento, pois o que nos trasladou é que eles estaban dispostos a asumir no parque o custo de reparación dese camión se o Concello asumía a parte do custo das pezas que había que adquirir; naquel momento chegouse a aquel acordo e foi o propio parque de incendios da Xunta de Galicia o que procedeu á reparación dese camión, e algunha pezas houbo que cambialas, pero basicamente o camión, digamos, nodriza sigue sendo o mesmo vehículo en perfecto estado de uso. Queda pendente de facer unha actuación, que sería recubrir o que é o depósito, porque evidentemente quedou moi deteriorado e naquel momento o coste era bastante elevado e intentaremos facelo, pero non influye para nada no servizo que se presta, é unha cuestión máis ben estética que outra cousa non?, pero si sigue sendo o mesmo camión.

Sra. Louzao: Ben, pois precisamente con respecto ao servizo que se presta con ese camión, un vehículo importante para o servizo, coincidimos plenamente, posto que é o vehículo que ten a maior capacidade de transporte de auga e que, dende logo, para as emerxencias é un vehículo fundamental, non solo para os casos de incendios senón tamén para outros tipos de emerxencias no que é necesario, incluso para poder abastecer á parroquia de Codeseda e momentos de dificultades con auga. Por iso estes días nos preocupaba un pouco ver as denuncias que nos facían os veciños da zona de Veá que o camión, nos días de máis calor que levamos este ano (que coincidiron co principio deste mes de setembro), pois estaba diante do colexio do Souto de Veá, o día 1, procedendo a regar unha obra que se tiña contratada días atrás a unha empresa da localidade, unha obra que se tiña contratada dentro dun prazo de execución, que todavía había prazo suficiente, polo tanto non entendemos como o camión municipal vai facer labores dentro dunha obra que, como dicía, estaba contratada a unha empresa a través dun negociado de publicidade. Por iso queremos saber cales son as funcións que desenvolver agora mesmo o camión nodriza de Protección Civil, si entre elas está a de prestar servizos a entidades privadas e, dende logo se é así, cales son os servizos, canto se cobra polos mesmos por facer... suplantar servizos que se fan dende a empresa privada con vehículos públicos, servizos públicos, e é máis, se non é así, e se se estaba atendendo unha emerxencia que, dende logo, os veciños da zona nos dicían que non se vía porque o que se estaba facendo alí era procedendo a arreglar unha obra para despois poder facer o repisado da mesma, nos gustaría saber quen vai a pagar a saída do

vehículo e do persoal que levaba para facer este servizo, como dixer, a esta empresa e quen vai a pagar, se vai a ser a Deputación, se vai a ser o seguro da obra, como está tan de modo, se vai a ser o empresario, a Xunta, ou é o Concello quen asume este gasto con esta empresa privada. Como dicíamos, os veciños da zona son os que o denuncian e, incluso, tomaron fotos do mesmo. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben Sra. Louzao. Evidentemente o servizo de incendios ten unhas prioridades básicas que é, creo que lle queda claro a vostede o compromiso deste goberno, que ten máis de trinta... trinta e catro efectivos tanto en emerxencias como en incendios para protexer os bens e as vidas das persoas e dos veciños da Estrada non?. Neste caso o esforzo que fixo este goberno é incuestionable en relación a este tema e creo que é claro e contundente en canto a medios, tanto humanos como técnicos e ademais coa posta da nova base de emerxencias que vamos a empezar a construír posiblemente a partir do mes de setembro, cando empece o novo Obradoiro, e a partir de aí os servizos... os medios están a disposición de calquer cuestión que o Concello valore non?, neste caso si é certo que hai unha chamada por parte do colexio e da empresa que está facendo a obra, de que sabe perfectamente vostede ou debía facelo, de que ese colexio ten problemas importantes de abastecemento de auga, ten problemas de presión, non contaban co medios nin tiñan a capacidade para poder aportar a presión necesaria para poder facer ese traballo e nos trasladan, ao ser unha obra que está a facer o Concello... é unha pena que non fale vostede da obra, da finalidade da obra, que creo recordar que lla fixeron en máis de cinco o seis ocasións ao goberno bipartito e nunca tiveron capacidade de poder acometela, e este goberno foi sensible coa necesidade dos pais para buscar un novo aparcamento para os autobuses, tendo en conta a problemática da seguridade vial e, hombre, parece... un pouco rastreiro non?, que vostede intente chegar a ese límite cando hai un problema sobre o subministro, da potencia e da presión da auga e, evidentemente, os medios que Protección Civil están parados na súa base, os soldos hai que pagalos igual salgan ou non salgan, e os medios están a disposición do Concello para calquer tipo de emerxencia.

Se ou lle conto... pódolle contar incluso que hai fotos do camión de incendios regando piscinas en Matalobos; vostede que é de alí da zona seguramente poida ter constancia de que algún camión de incendios estivo regando... enchendo no verán piscinas privadas, non quero dicir tampouco máis alá, pero hai moitas cuestións en relación a este tema, e esta é unha obra pública, é unha infraestrutura de interese xeral e, dende logo, estamos facendo un servizo á comunidade educativa fundamental, estamos valorando, sobre todo a seguridade vial dos rapaces e rapazas do colexio de Veá, estamos facendo unha obra demandada pola comunidade educativa dende fai moitos anos e creo que, ademais, isto era xusto e necesario acometelo así e estas cuestións que se deriva, temas menores. Se vostede cree que vaia o camión de incendios a facer unha rega de auga en unha zona de dominio público dun colexio, bueno, pois agora me explico eu moitas cousas da súa xestión, non entendo seguramente que vostede non entenda ou non comprende que é unha xestión razoable e eficiente e o que son outras cousas non?, pero bueno, me parece perfecto, e se lle digo que foi unha chamada polos problemas de presión e de capacidade da rede do colexio, que non tiñan medios técnicos para acometer ese tema e se desplazou o camión para facer un servizo como fai noutros moitos sitios e noutras moitas obras cando hai problemas deste tipo, por ese temos os medios a disposición, se houbera outros medios ou outras situacións máis urxentes se acometería doutra maneira

Sra. Louzao: Ben, desde logo nos gustaría que vostede nos enseñara a lexislación onde se di que o centro ten responsabilidade sobre a obra que está a facer un contratista no momento en que esa obra está en execución. Segundo, vostedes mesmos dixeron que tiñan solucionado os problemas de auga do Souto de Veá. Terceiro, o que está facendo, e aí se ve, é regando a propia obra para que poidan pasar o pisón, se vostede non sabe de obras pregunte no departamento de Urbanismo. E, para rematar, non teño piscina nin sei quen a ten, e si quere falamos de Matalobos todo o que vostede queira, incluso podemos falar de camiões de tubos e tractores cargando eses tubos, podemos falar do que vostede queira e ao mellor non son a única nesta Corporación que sabe desas cousas.

Sr. Alcalde: Moi ben Sra. Louzao. Pois se é eso o que lle preocupa, eu digo que estou moi satisfeito de facer esa obra, que esté a punto para o inicio do curso escolar, que os rapaces poidan ter protexida a súa seguridade viaria, que os nenos non teñan que saía do autobús polo arcén ou pola calzada ou pola carretera mesma e ter problemas que realmente moitos pais nos trasladaban con moitísima preocupación esta cuestión, e me alegro moito de que este goberno sexa quen de resolvelo, e se vai a preguntar algo máis tamén llo digo, esa obra a financiou o Concello, si, e a fixo o Concello con recursos propios, porque entendemos que é fundamental e necesaria. Ademais non entendemos de cuestión menores como intentan entrar vostedes, nós entendemos de solucionar problemas, este era un problema moi grave, moi grave, é unha comunidade educativa que reclamou durante os catro anos que gobernaron vostedes e durante os tres que gobernamos nós, e nós lle demos solución, eso é o único que entendo e o único que sei, e me alegro que esté rematada, e espero ir a visitala antes do inicio do curso escolar na próxima semana.

Algunha outra cuestión?

Sra. Louzao: En efecto, fíome do que vostede estame a decir, entendo entón que toda aquela empresa que traballe para o Concello da Estrada facendo unha obra que ao ser de promoción municipal e unha obra de interese, e necesite lavar unha das súas obras ou necesite limpar unha carretera, simplemente ten que chamar ao servizo de emerxencias de Protección Civil da Estrada e que alí se desplazará o camiión para facer tal servizo.

Sr. Alcalde: Entenda usted o que considere oportuno.

Sra. Louzao: Moi ben. Gustoulle ao Sr. Cores Touris a visita que fixo ao día seguinte despois de que quedara perfectamente lavado?.

Sr. Alcalde: O Sr. Touris non estivo precisamente nesa obra, estivo nas obras que fixemos noutro centro tamén, no colexio de Figueroa, que lle recordo que invertimos entre Xunta e Concello máis de sesenta mil euros en este verán para acometer esas obras que eran demandadas polas comunidades escolares, fixemos obras en Oca, obras en Veá, no colexio de Veá, no Foxo, en Codeseda, Pérez Viondi, Figueroa, Oca..., creo que acometimos unha serie de obras importantes, investimos unha cantidade de diñeiro fundamental, pero nós cremos que ese diñeiro é unha inversión e que os centros educativos, os centros públicos requiren esas actuacións, ese mantimento e, bueno, creo que se está facendo un bo traballo en relación a eses temas. Así que o Sr. Touris quedou moi contento coa colaboración do Concello da Estrada está tendo coa Consellería, e estamos facendo o posible que co esforzo da súas administracións estemos multiplicando a capacidade inversora e estemos solucionando os problemas importantes que teñen os centros educativos e poñendo en marcha bos servizos. Recorde vostede que este goberno xa puxo en

marcha en colaboracións coas ANPAS dos comedores escolares en un momento moi complicado ou apostando pola mellora desa calidade educativa, puxemos en marcha ou duplicamos o importe das becas aos alumnos, os importes dos libros e material de escolar, incrementamos tamén o importe ao Plan Madruga, incrementamos os comedores escolares... Bueno, creo que estamos intentando apostar por esa educación, esos centros educativos e esas comunidades escolares que, dende logo, fan un traballo excepcional e forman aos nosos cidadáns do futuro.

Algunha outra cuestión?. Moi ben. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Na Mesa de Comercio fíxenlle un rogo de que se informa aos veciños e veciñas co tempo suficiente de como ía a ser o plan especial de tráfico para o día da Volta Ciclista, de como se ían ver afectados, unha cousa tan sencilla como onde se deixa o coche para aparcar. Hoxe a mañán chámame un veciño para preguntar: "Eu, ese día, vou poder sacar o coche, vou a poder salir do garaxe pola mañá?". Entón fágolle o rogo de que poñan uns carteliños nas vivendas afectadas sobre como se vai a estar afectado.

Sr. Alcalde: Xa están Sr. Magariños.

Sr. Magariños: A mañán non estaban.

Sr. Alcalde: Bueno, o Concello en coordinación coa Policía Local e coa organización que tivemos da Xunta de Seguridade, elaborou este escrito, esta carta que se está buzzoneando xa en todos os domicilios, xe fixeron 2.000 copias de esta carta ademais dun pequeno... ademais de dous accións... se van a facer tres accións, o buzoneo desta carta onde se informa dos horarios das rúas afectadas e dos horarios nos que se vai limitado tanto a circulación como o aparcamento de vehículos; se vai a facer outra actuación que vai a ir orientada ás entradas de garaxes e aos propios edificios (que vai a facer a Policía Local, cunha nota en cada rúa en función de como lle afecte esta limitación en relación á Volta); despois vai a haber unha terceira actuación que vai a ser a colocación, creo que a partir de mañán, de vallas informativas nas rúas afectadas, onde se poña tamén indicación dos horarios e as zonas afectadas non?, dos horarios de aparcamento e limitación, unhas vallas perfectamente identificadas onde calquer veciño poda chegar a elas. Ademais se está facendo reparto desta información a todos os comercios e a todas as actividades, como pode ser os Xulgados, o número dous ou a estación de autobuses, que temén xeneraba un problema o día da Volta porque non pode saír en dirección á rúa Benito Vigo, e estamos coordinando, espero que chegamos a todo o mundo e espero que todo o mundo sea consciente e conecedor desas limitación que van a supoñer por primeira vez na historia que A Estrada acolla unha saída da Volta Ciclista a España.

Sr. Magariños: Moi ben, alégrome que se lle informe aos veciños. Outra cuestión, transmítenme que hai unha ponte en Trazarís, Sto. André de Veá, nunha pista que une este lugar co lugar de Cardelle, que está case caíndo, que se repare.

Tamén me transmíten que aquí, nos Chapurros, hai unha nevera tirada, pásolle a correspondente foto ao Concelleiro de Medio Ambiente, xa llo referenciaba... aquí a foto que me mandaban, que se proceda a retirala, está nun regatiño que está preto da praia fluvial e que leva tempo alía tirada, bueno, que se proceda á súa limpeza.

Sr. Alcalde: Moi ben. Algunha outra cuestión?. Pois rematamos o apartado de rogos e preguntas e, segundo o Regulamento de

Participación Ciudadán, calquera persona do público pode intervir se o desexa para facer algún rogo ou pregunta, se ten algunha cuestión se identifica co DNI e pode formular o seu rogo ou a súa pregunta, e, si non hai ningunha cuestión por parte do público, agradecéndolle a súa presenza e asistencia, levantamos a sesión. Moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas vinte e cinco minutos.

A Estrada, 4 de setembro de 2014
A SECRETARIA EN FUNCIONES,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas